

8 DE MARZO

**Teresa Portela**

*Teresa Portela*



*Piragüista*

CITA

**"Insistir, resistir e nunca  
desistir"**

**Teresa Portela**

# TERI PORTELA



## Cronoloxía

2000



### PRIMEIROS XOGOS OLÍMPICOS

Con 18 anos participou nos Xogos de Sidney 2000, quedou fora das finais pero non se rendeu e participou en Atenas 2004, Pekín 2008, Londres 2012 e Río de Xaneiro 2016.

### TOKIO 2020 MEDALLA DE PRATA K1

E por fin e nos seus 6º Xogos Olímpicos con 39 anos consegue a tan ansiada medalla olímpica, unha prata no K1



2020

2000-2020



### 32 MEDALLAS EN CAMPEONATOS MUNDIAIS E EUROPEOS

Ademáis ten un palmarés impresionante con 15 medallas en Campeonatos Mundiais e 17 medallas en Campeonatos Europeos.

### Nai, mestra de EF e fisioterapeuta



Dedicarlle a vida ó piragüismo non lle impediu estudar. Teresa é graduada en Fisioterapia e ten a Diplomatura de Educación Física. Ademáis dicir que foi nai no 2014 de Naira, que xa ten 10 anos.



CEP. CARLOS CASARES

8 DE MARZO

# Adiaratou Iglesias

Adiaratou Iglesias



Atleta

CITA

"Ser un exemplo motivame e  
anímame a ser a miña mellor  
versión"

Adiaratou Iglesias

# ADIARATOU IGLESIAS



## Cronoloxía

1999 - 2010

### HISTORIA



Adiaratou Iglesias naceu en Bamako, Mali, en 1999. Naceu con albinismo nun país no que o albinismo da mala sorte se estás vivo, pero boa se estás morto. Por elo foxe dende Mali a Logroño no 2010. Ese cambio non foi ben e rematou nun centro de protección de menores.

### INICIOS NO DEPORTE



No centro de menores coñece a María Lina Iglesias, que decide adoptala, o que cambiaría a súa vida. Vense a vivir a Lugo, onde se anota no Club de Atletismo e pronto gaña o Campionato de Atletismo de Galicia en 100 e 200 metros fronte a atletas sen discapacidade, cando ela só conta cun 20% de visión nun ollo e un 10% no outro.

2010 - 2019

2019-2024

### TRAXECTORIA DEPORTIVA



A súa progresión foi espectacular. No Mundial de Dubai do 2019 foi subcampiona de 100 e 200 metros. No 2021, no Europeo, en Polonia proclamouse dobre campiona en ambas disciplinas. Finalmente, ese mesmo ano gaña a medalla de ouro nos Xogos Olímpicos de Tokio en 100 metros e a prata en 400 metros.

### Soños de futuro



Adiaratou soña con poder participar nos Xogos de París 2024 e poder repetir a súa victoria. Mentres isto non acontece mudouse a Madrid, onde ademais de entrenar no Centro de Tecnificación estuda Educación Infantil.



CEP. CARLOS CASARES

8 DE MARZO

**Teresa Abelleira**

*Teresa Abelleira*



*Futbolista*

CITA

"Xa non vale o de que as mulleres non venden, imos encher prazas"  
Teresa Abelleira

# TERESA ABELLEIRA



## Cronoloxía

2000-2016

### UN POUCO DE HISTORIA



Teresa Abelleira naceu en Pontevedra o 9 de xaneiro do 2000. A esta galega o fútbol levaio na sangue, xa que é filla do adestrador Milo Abelleira. Dende pequena soñou con marcar goles e así o facía cando xogaba no AJ Lérez e no Poio Pescamar Fútbol Sala.

### INICIOS DA TRAXECTORIA

En 2016 é fichada polo Real Club Deportivo da Coruña, convertíndose na capitana con 16 anos. Deste xeito, foi a 1ª xogadora profesional de fútbol de Galicia.

No ano 2019, consegue xunto co resto do equipo ascender a 1ª División.

A súa progresión e xuventude fai que o Real Madrid a fiche na temporada 2020-2021.



2016-2020

2020-2024

### LOGROS DEPORTIVOS



En novembro do 2020 debuta ca Selección Absoluta ca que no 2023 gañará o **Mundial de Fútbol feminino**, convertíndose nunha das 23 xogadoras españolas que por primeira vez acadaron a 1ª estrela no peito para España, proclamándose Campionas do Mundo.

### Soños por cumprir

Esta pontevedresa escribiu recentemente un libro "Campioa" onde relata que todavía lle quedan moitos soños por cumprir como proclamarse campiona da Liga co Madrid ou poder acudir a uns Xogos Olímpicos.



CEP. CARLOS CASARES

8 DE MARZO

**Susana Rodriguez**

*Susana Rodriguez*



*Atleta*

CITA

"Moitos non creron  
en min, pero eu si"

Susana Rodriguez

# SUSANA RODRIGUEZ



## Cronoloxía

1998

### HISTORIA



Susana Rodríguez naceu en Vigo o 4 de marzo de 1988. Na actualidade ten 36 anos.

Naceu con albinismo e unha grave deficiencia visual que non lle impediu dende nena practicar todo tipo de deportes.

Dende 1998 practicou atletismo ca ONCE no Centro de Tecnificación de Pontevedra.

### CAMBIO DE DISCIPLINA

De 1998 a 2008 participou en competicións de atletismo, buscando a clasificación no Campionato paralímpico, o que soñaba acadar. Como non consegue praza decide cambiar a súa actividade deportiva polo TRIATLÓN.



1998-2008

2008-2024

### TRAXECTORIA DEPORTIVA



No 2016 consegue participar nos Xogos Paralímpicos de Río de Xaneiro, quedando en 5ª posición.

Nos últimos XX.OO. de Tokio convertiuse na 1ª española que participou en dous deportes, en atletismo e en triatlón. Consagrouse campiona paralímpica en triatlón e logrou un diploma olímpico en 1.500 m.


Ademais conta con 17 medallas entre Campionatos Mundiais e Europeos de Triatlón Adaptado.

### Fisioterapeuta, médica e exemplo de superación.



Susana ademais dunha gran atleta sacou tempo para estudar fisioterapia e medicina, profesión que exerce.

Sen dúbida a súa é unha vida de esforzo, constancia e superación. Trátase dunha muller excelente que merece toda a nosa admiración.



CEP. CARLOS CASARES



8 DE MARZO

**Desireé Vila**

*Desireé Vila*



*Atleta*

CITA

"A vontade de aprender é  
o paso máis importante  
para o cambio"

"O único incurable son as  
ganas de vivir"

Desireé Vila

# DESIRÉE VILA



## Cronoloxía

2015



### TRANSFONDO

Desirée Vila nace en Vigo, Galicia onde dende nena practica a ximnasia deportiva de elite. Tan só con 16 anos, sofre un accidente durante a preparación para o campionato Europeo. Debido a unha negligencia médica sofre a amputación da súa perna dereita.

### RECUPERACIÓN

Entende o deporte como terapia e o camiño cara a recuperación. Eso lévalle a probar diversos deportes ata que despois de ano e medio sen correr proba cunha prótesis. As sensacións son tan boas que en Agosto do 2018 participa por 1ª vez coa Selección española no Paralímpico Europeo de Atletismo.



2015-2018

2018-2024



### TRAXECTORIA DEPORTIVA

Consegue participar nos Xogos Olímpicos de Tokio 2020 onde acada un diploma olímpico na categoría T63 de discapacitados físicos e ademais conseguiu o 1 récord de España dos 100m lisos.

### Polifacética e comprometida

Estudou relacións internacionais. É colaboradora de marcas, youtuber e embaixadora da fundación Adecco. Desirée é un exemplo de superación e talento, desafiando estereotipos e barreiras.

